



Foto: Artai Toba Pérez

ABRIL 2025

RESUMO MENSUAL DE ACTIVIDADES





© Artai Toba Pérez

Gotiñas de auga

A fotografía de abril no calendario do #teamCINBIO está realizada por Artai Toba Pérez, investigador do grupo NanoBioMateriais Funcionais (FunNanoBio). Trátase dunha imaxe, tomada por microscopio óptico, dunhas gotas de auga xeradas por un circuíto de microfluídica e estabilizadas por un surfactante.



Nova reportaxe de GCiencia

O medio especializado en contidos científicos, GCiencia, fíxose eco do traballo desenvolvido polo grupo de Nanomateriais Biomiméticos do CINBIO para fabricar diminutas partículas de ouro para a diagnose e tratamento de enfermidades como o cancro. [Máis información.](#)



Plan Galego de Investigación

O mércores 2 de abril, a líder do grupo de Inmunoloxía do CINBIO, África González, participou nunha mesa redonda desenvolvida no marco da presentación do novo Plan Galego de Investigación e Innovación para o período 2025-2027. [Máis información.](#)



Seminario Fernando Torres

O xoves 3 de abril, Fernando Torres Andón, do Grupo de Investigación de Oncoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña, ofreceu a conferencia “Macrophage Reprogramming for Cancer Treatment” dentro do ciclo CINBIO Seminar Programme. [Máis info.](#)



Seminario Liudmyla Storozhuk

O 22 de abril, Dr. Liudmyla Storozhuk (Dept. of Med. Phys. & Biomedical Eng., Faculty of Engineering Sciences, University College London) ofreceu o seminario “From Synthesis to Application: The Evolution of Magnetic Iron Oxide Nanoparticles” dentro do ciclo CINBIO Seminar Programme. [Máis información.](#)



Seminario Yolanda Prezado

O xoves 24 de abril, a Prof. Yolanda Prezado (Universidade de Santiago de Compostela) impartiu o seminario “Winds of change in radiation therapy: how the dose delivery method modulates the biological response” dentro do ciclo CINBIO Seminar Programme. [Máis información.](#)



Radio Vigo: especial CinVigo

O 25 de abril o festival ‘CinVigo. Ciencia na rúa’ protagonizou un programa especial de ‘La Ventana Metropolitana’, dirixido por Marci Varela en Radio Vigo. Estudantes e docentes implicados na feira científica participaron no programa xunto a membros da organización. [Programa completo.](#)

ABRIL 2025

CINVIGO. CIENCIA NA RÚA

CinVigo 2025 reconquistou a Porta do Sol de Vigo.

A fin de semana do 26 e 27 de abril celebramos a III edición do festival científico 'CinVigo. Ciencia na rúa', que contou coa colaboración da FECYT.

Máis de 250 estudantes de Secundaria, Bacharelato e FP, dunha trintena de centros educativos de Galicia, participaron nunha multitudinaria terceira edición con preto de 70 proxectos científicos.

Esta festa da ciencia, aberta aberto á cidadanía, contou con actividades para todas as idades, como os espectáculos de ciencia, os obradoiros científicos para público infantil, e a xincana científica que, grazas á colaboración e participación do equipo da asociación Discamino, fixo de CinVigo un festival máis inclusivo. Ao longo da fin de semana rexistráronse máis de 12.000 votos na aplicación de votación do público e 800 cativas e cativos participaron nos obradoiros científicos infantís.

[Nova completa aquí.](#)



MAIO 2025

EVENTOS DE MAIO



Formación

Ciclo CINBIO Seminar Programme:

- Xoves 8 de maio ás 11:00 horas:

Seminario Dr. Leonardo de Souza Mesquit (*Principal Investigator of the project “Sustainable Innovations: The Biorefinery Revolution via Macroalgae Valorization Using Renewable Solvents towards a Green/Blue Economy” at University of São Paulo*): “Sustainable Extraction of Bioactive Metabolites Using Eutectic Solvents: Applications for Health”.



- Venres 16 de maio ás 11:00 horas:

Seminario Fernanda Wariss Figueiredo Bezerra (*IPrograma de Pós-Graduação em Ciência e Tecnologia de Alimentos PPGCTA / Universidade Federal do Pará*): “Chemical value and biological properties of natural products from Amazonian stingless bees”.



- Xoves 22 de maio ás 11:00 horas:

Seminario de Prof. Jia Min Chin (*Faculty of Chemistry, Institute of Functional Materials and Catalysis. University of Vienna*): “Structural control of MOF composites for enhanced performances”.



- Xoves 30 de maio ás 11:00 horas:

Seminario o Dr. Luis Ángel Fernández (*Department of Microbial Biotechnology Centro Nacional de Biotecnología. CNB-CSIC*): “Synthetic biology of E. coli for cancer therapies and generation of nanobodies”.



Formación

Outros seminarios:

- Xoves 8 de maio ás 11:30 horas:

Xornada “Do coñecemento á acción: emprendemento no ámbito académico”.


Xornada de presentación do programa EMPREN+AP do CINBIO en colaboración coa Axencia Galega de Innovación (GAIN), unha iniciativa financiada pola Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT) en colaboración co Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades e a Oficina Nacional de Asesoramiento Científico (ONAC), que busca fomentar a cultura da innovación no ámbito académico en colaboración coa administración pública.

- Martes 20 de maio ás 10:00 horas:

Seminario #TechLab: Nova aplicación do equipo de imaxe Odissey - LICORbio

Antonio Pereira, especialista do equipo Odissey, realizará unha demo deste equipo. O evento estará centrado na nova aplicación do equipo de imaxe Odissey da casa LICORbio. Esta aplicación consiste nunha alternativa ao convencional Western Blot na que se fai todo o protocolo (cultivo celular, marcaxe e imaxe de ata 3 proteínas) nun mesmo soporte.

O seminario técnico terá lugar **na sala de Audiovisuais do CINBIO de 10:00 a 11:00 horas** e a demo será **no laboratorio de Citometría a partir das 11:00 horas**.



cinbio.es

